

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2024/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	03 de maio de 2024
Duración	Dende as 13:45 ata as 14:08 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN	
Nome e Apelidos	Asiste
Antonio Ferro Losada	SÍ
Manuel Requeijo Rey	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 26.04.2024	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 26 de	

abril de 2024.

Expediente 676/2024. Solicitud de Axuda de Emerxencia Social

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o informe da educadora social con data 2 de maio, no que se pon de manifesto a necesidade de prestar apoio económico a unha familia usuaria de Servizos Sociais residente no noso concello que se atopa en situación de vulnerabilidade derivada dunha causa sobrevida

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, e visto o disposto na Ordenanza Reguladora da presente axuda, **ACORDA:**

Primeiro.- Conceder en concepto de axuda de emerxencia social a axuda consistente no pagamento de dúas facturas de luz e un mes de alugueiro.

Segundo.- Aprobar o pago delegado a Dona Noemí Lázara, propietaria do inmovible que fixo fronte ao pago das facturas:

Nº factura	Importe	Concepto
F2024006089	35,84 €	Luz, periodo 31/12/2023 ao 31/01/2024
F2024010281	19,59 €	Luz, periodo 31/01/2024 ao 29/02/2024
Declaración de débeda	300 €	Aluguer mes de abril

Terceiro.- Comunicar á persoa interesada a concesión da axuda.

Cuarto.- Dar conta do presente acordo ao departamento de intervención para que efectúe os pagos da axuda concedida.

Expediente 699/2024. BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO PROGRAMA DA XUNTA APROL RURAL PARA O ANO 2024.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a resolución de concesión de subvención da Consellería de Emprego Comercio e Emigración para a contratación de 2 persoas traballadoras para a realización do proxecto de obras ou servizos “ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS”, ao abeiro da Orde do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases

que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

Visto que se concede ao CONCELLO DE SILLEDA a subvención por importe de 32.215,58 € para a contratación de 2 persoas traballadoras desempregadas para a realización do proxecto “ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS”, segundo a seguinte desagregación:

Ocupación: peón limpeza forestal

Duración do contrato: 9 meses a xornada completa

Grupo de Cotización: 10

Modalidade contratual: contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Vista a necesidade de contratar a 2 persoas para o ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de Xaneiro de 2024, **ACORDA**:

Primeiro: Proceder á convocatoria e aprobación das Bases que a continuación se transcriben, para a selección de 2 persoas para o acondicionamento, limpeza e atención dos espazos naturais forestais e históricos para o ano 2024, a xornada completa, mediante a modalidade contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

BASES PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO “ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO PROGRAMA DA XUNTA APROL RURAL PARA O ANO 2024.

1.- OBXECTO

É obxecto destas bases, regular o procedemento para selección de persoas traballadoras desempregadas para a súa contratación en Réxime Laboral, conforme á ORDE do 26 de decembro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G).

O número de persoas traballadoras desempregadas a contratar será o que se indica a continuación:

- Un equipo de obras ou servizo composto por **2 peóns Forestais**.

TOTAL: 2 traballadores/as por un período de 9 meses a xornada completa.

TIPO DE CONTRATO : contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego.

Data de inicio prevista **27 de maio de 2024**. Data de remate **26 de febreiro de 2024**

Salario bruto (base cotización): 1.323,00€/mes

Grupo de Cotización: 10

As características do posto de traballo consistirán en realizar tarefas propias da súa categoría relacionadas maioritariamente coa prevención de incendios nas faixas secundarias definidas pola Lei de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, como son a planificación preventiva, a valorización forestal, a silvicultura, a limpeza de montes, a xestión da biomasa.

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES:

2.1 Para optar ás prazas as persoas aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español/a ou nacional dun Estado membro da Unión Europea, ou nacional de calquera dos Estados aos que, en virtude de Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén serán admitidas aquelas persoas ás que fai referencia o artigo 57, relativo ao acceso ao emprego público de nacionais doutro Estados, da Lei 7/2007 de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social.
- c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes ás devanditas prazas. Acreditarase mediante declaración xurada.
- d) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración responsable
- e) Non estar incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade das establecidas na lexislación vixente. Acreditarase mediante declaración responsable
- f) Non ter sido contratadas por un período igual ou superior a **nove meses** con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego.

3.- PARTICIPACIÓN

De acordo co estipulado na Orde reguladora pola que se establecen as bases que regulan as

axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol Rural), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (código de procedemento TR351G) a convocatoria realizarase a partir da OFERTA DE EMPREGO ENTRE AS PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS, inscritas na Oficina do Servizo Público de Emprego de Lalín.

4.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

Aquelas persoas seleccionadas polo Servizo Público de Emprego deberán presentarse no Concello na data indicada na carta que lles enviará o antedito Servizo e achegarán a documentación que se especifica nas presentes Bases, no prazo de dous días hábiles dende a data de presentación

5.-DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR:

- a)Solicitud de participación anexas ás Bases
- b)Fotocopia do DNI
- c)Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- d)Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- e)Declaración responsable á que se refire o apartado 2 das presentes bases.

Unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, serán publicadas no taboleiro de anuncios do concello as listaxes de persoas admitidas e excluídas coa motivación da exclusión, elevándose á definitiva a listaxe provisional de admitidas de non existir excluídos e outorgaranse dous días hábiles ás persoas excluídas para que no seu caso presenten alegacións. Tras a listaxe provisional elevada a definitiva ou a listaxe definitiva de admitidos/as, procederase a determinar o día e hora en que se reunirá o Tribunal cualificador para a realización da proba práctica e a valoración dos méritos das persoas aspirantes admitidas e citarase as persoas aspirantes para a proba práctica (Esta citación non será persoal, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na súa Sede Electrónica).

6. - PUBLICIDADE

As presentes Bases publicaranse, integramente na páxina web do Concello, e na súa sede electrónica. Os posteriores anuncios publicaranse de igual xeito.

7.- ÓRGANO DE SELECCIÓN

A comisión designada para a selección deste persoal, titulares e suplentes, estará composta, de acordo ao artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

1.- Composición do Tribunal : a efectos de facilitar a selección das persoas traballadoras constituirase o Tribunal de selección no Concello, formado da seguinte maneira:

Titulares:

Presidente: José Luís García Montoto, Funcionario municipal
1º Vogal: Felisa Borrajo Nieto, funcionaria municipal
2º Vogal: Susana Framiñán Ramos, funcionaria municipal
3º Vogal: Francisco Javier Gómez Rey, funcionario municipal
Secretario/a: David García Lareo, funcionario municipal

Suplentes:

Suplente do Presidente: Juan Carlos Peteiro Rodríguez , funcionario municipal
Suplente do 1º Vogal: Mª Jesús Limia Sánchez, funcionaria municipal
Suplente do 2º Vogal: Mª Soledad Rey Asorey, funcionaria municipal
Suplente do 3º Vogal: Miguel Angel Couto García, funcionario municipal
Suplente do Secretario/a: Julio Méndez Castro, funcionario municipal

2.- Abstención e recusación.

Os membros do Tribunal absterase de formar parte deste cando concorran as circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, notificándollo á autoridade convocante.

As persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal, de acordo co artigo 24 da mencionada lei.

3.- Constitución e actuación

O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, cando menos, de tres dos seus membros. En todo caso será precisa a do presidente e do secretario do mesmo.

A actuación do Tribunal axustarase estritamente ás bases da convocatoria.

O Tribunal valorará en primeiro lugar a proba práctica e unha vez valorada esta procederase á valoración dos méritos da fase de concurso presentados polas persoas aspirantes.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas bases. As decisións adoptaranse por maioría dos votos dos membros presentes e en caso de empate decidirá o voto de calidade do presidente do tribunal.

O Tribunal poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas para valorar os méritos aportados polas persoas participantes que estime pertinentes, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas en base exclusivamente ás que colaborarán co órgano de selección.

4. Vinculación das resolucións do Tribunal.

A presidenta da Corporación resolverá de acordo coa proposta do tribunal, que terá carácter

vinculante e tendo en conta que o número de seleccionados non pode superar o de prazas convocadas.

De conformidade co Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, co fin de asegurar a cobertura do posto de traballo convocado, si se producise a renuncia da persoa aspirante seleccionada, antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o Alcalde-presidente poderá requirir do órgano de selección relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ao proposto, para o seu posible nomeamento.

8. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

O sistema de selección é o de concurso-oposición cun máximo de 6 puntos

8.1. A fase de oposición constará de un (1) exercicio práctico

PROBA . De carácter obrigatorio e eliminatorio. Consistirá na realización dunha proba práctica, que incluírá manexo de ferramentas coma desbrozadora manual, soplador ou corta céspede para poder valorar as habilidades na realización das funcións propias de peón forestal, (abrir e manter camiños forestais, rozar, aclarar, nivelar, podar e eliminar residuos, entre outras)

O tempo máximo para a realización desta proba será de trinta (30) minutos.

A proba cualificarase como apto/a ou non apto/a

A data e lugar de realización das probas será publicada no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do concello.

As persoas aspirantes concorrerán á realización dos exercicios provistas co seu DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade a xuízo do Tribunal. Serán convocadas en chamamento único, quedando excluídas as que non comparezan, agás casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal. A orde de actuación dos/as aspirantes será a alfabética, empezando pola letra "H" , segundo Resolución de 31 de xaneiro de 2024 pola que se fai público o resultado do sorteo ao que se refire o Regulamento de selección de persoal na Comunidade Autónoma de Galicia, e o Tribunal poderá requirir en calquera momento do proceso que acrediten a súa identidade.

Finalizado exercicio, o Tribunal fará pública a lista provisional das persoas aspirantes declaradas aptas ou non aptas a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo.

Transcorridos 3 días hábiles e de non ter alegacións á antedita lista provisional elevarase a definitiva e procederase á baremación da fase de concurso.

Se houber alegacións o Tribunal resolverá as mesmas e publicará a lista definitiva das persoas

aspirantes declaradas aptas e non aptas a efectos de exclusión do resto do proceso selectivo

8.2 – Fase de Concurso, max 6 puntos

- Valoración da formación. Valorarase ata un máximo de seis puntos (6 puntos)

Valoraranse os méritos determinados a continuación que sexan alegados e plenamente xustificados polas persoas solicitantes no momento de presentación da instancia para participar neste proceso selectivo.

Puntuarase de acordo co seguinte baremo e ata un máximo de seis puntos. (6,00 puntos)

1.- Colectivos con especiais dificultades de inserción laboral. Máximo 1,6 puntos:

- Mulleres e, en especial, aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero. Esta condición valorarase mediante informe dos Servizos Sociais do concello ao que pertenza a candidata (0,20 puntos)

- Menores de 30 anos, en especial, as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional. (0,20 puntos)
- Persoas paradas de longa duración. (0,20 puntos).
- Persoas con discapacidade.(0,20 puntos).
- Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito. (0,20 puntos).
- Persoas desempregadas maiores de 45 anos. (0,20 puntos).
- Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social especialmente as persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia, ou as persoas trans. (0,20 puntos).
- As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España. (0,20 puntos)

2.- Por estar en posesión dun CICLO FORMATIVO da familia Agraria: 1,40 puntos

3.- Participación en cursos ou xornadas, sempre que teñan relación directa coas actividades a desenvolver no posto de traballo ao que se opta (Máximo de 3,00 puntos).

Cursos de máis de 51 horas.....0,50 puntos/curso
Cursos de entre 21-50 horas.....0,20 puntos/curso
Cursos de menos de 20 horas.....0,10 puntos/curso

A formación das persoas traballadoras acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No caso de que non conste o número de horas de acción formativa entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

9.- LISTAXE DE PERSOAS APROBADAS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

O Tribunal publicará a lista provisional da baremación na sede electrónica e na páxina web do Concello de Silleda.

As persoas aspirantes terán un prazo de 2 día hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das puntuacións, para facer as alegacións que estimen oportunas.

Se houberse reclamacións, o Tribunal resolverá as mesmas. Tras a devandita resolución dispoñerá a puntuación definitiva.

Se non houberse reclamacións, a puntuación total elevarase a definitiva.

A puntuación definitiva expoñerase na sede electrónica e na páxina web do Concello de Silleda.

No caso de producirse un empate entre candidatos/as, dirimirase conforme:

1º Aplicarase alfabeticamente a orde de actuación das persoas aspirantes mediante a Resolución de 31 de xaneiro de 2024 arriba referida.

2º No caso de persistir o empate resolverase por sorteo.

Finalizado o proceso selectivo, remitirase acta da última sesión á Presidenta da Corporación para proceder á contratación, sendo propostos/as os/as candidatos/as que obteñan maior puntuación. A listaxe das persoas seleccionadas publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na sede electrónica do Concello.

Así mesmo publicarase a proposta de integración en Bolsa de Reserva, para os casos de baixa ou renuncia por parte dalgunha das persoas contratadas que superaron o proceso selectivo por orde de puntuación.

Non se poderá aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas.

10.- CONTRATACIÓN E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS

10.1.- As persoas seleccionadas deberán aportar antes da formalización do contrato a seguinte documentación, sempre que non a tivesen presentado con anterioridade:

- Declaración responsable de non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.
- Declaración responsable de non estar incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao momento de toma de posesión.
- Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal

desenvolvemento da súa función.

- Certificación bancaria do número de conta corrente, para realizar o ingreso da nómina.
- Copia da tarxeta da Seguridade Social.

10.2.-As persoas que non presenten a documentación esixida (non sendo por causa de forza maior), non poderán ser nomeadas e quedarán anuladas todas as súas actuacións sen prexuízo doutras responsabilidades nas que puidesen incurrir.

11 .- FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS

Finalizada a selección formalizarase o oportuno contrato laboral temporal e clasificado no grupo que corresponda.

12.- NORMA FINAL

12.1.- O só feito de presentar instancia coa que solicita participar na convocatoria constitúe sometemento expreso das persoas aspirantes ás bases reguladoras dela, que ten consideración de norma reguladora da convocatoria.

12.2.- Esta convocatoria, e cantos actos administrativos se deriven dela e da actuación do órgano de selección poderán ser impugnados polas persoas interesadas nos casos, termos e na forma que dispón a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas

12.3.- O órgano de selección é competente para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para o bo funcionamento desta convocatoria.

12.4.- Todos os avisos, citacións e convocatorias que se realicen ás persoas aspirantes que non sexan os que obrigatoriamente se mencionan nestas bases, realizaranse unicamente por medio do Taboleiro de Edictos do Concello.

13 .- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O tratamento dos datos persoais levarase a cabo segundo o establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

14.- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa o tratamento e Protección de Datos desta entidade, en cumprimento da **Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)** e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do **Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPd)**, relativo a protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPd, informámoslle que os datos recollidos que Vd. nos facilita e achega

nesta solicitude, serán incorporados a un **Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda**.

E polo que, os datos persoais dos participantes ou solicitantes de ofertas de emprego deste Concello, serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

14.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Silleda.

14.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais: Ao facilitar e aportar os datos como candidato e interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para dita información que facilita sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin por este Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases de este concurso e con esta única finalidade, indicámoslle que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos así como aquela documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun "Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Silleda" ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases é a selección e posterior contratación do posto ofertado.

14.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos: As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumplimentación da solicitude como solicitante de formar parte do proceso selectivo, e tamén o abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo das entidades locais.

14.4.- Os seus dereitos^{**}:^{**} Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións. Tamén, si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos en <https://silleda.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén poderá solicitar estes enviando escrito o Rexistro Xeral do Concello en Rúa Progreso, 41 Silleda (36540) Pontevedra, en canto a obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, así como no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos poderá presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos pode solicitalos ante este Responsable de Tratamento en Rúa Progreso, 41 Silleda (36540) Pontevedra, ou tamén dirixíndose por vía mail a: info@silleda.gal ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos, facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

14.5.-Segredo e seguridade dos datos: Este responsable, comprométese no tratamento e uso dos

datos persoais das persoas interesadas, a facelo gardando a súa confidencialidade e de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e adoptar as medidas de seguridade para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente en protección de datos. No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos é políticas de seguridade que establece o Esquema Nacional de Seguridade e o propio RXPd e LOPDGDD.

14.6.- Cesión de datos: Non están previstas cesións mais alá das indicadas nas bases de este proceso selectivo

15.- RECURSOS

As presentes Bases poderán ser impugnadas polas persoas interesadas, mediante recurso potestativo de reposición, ante a Alcaldía no prazo dun mes, a contar desde o seguinte ao da publicación na páxina web do Concello de Silleda, segundo dispoñen os artigos 112, 123 e 124 da Lei 39/2015, e, no seu caso, contra a Resolución expresa ou presunta do mesmo, poderán interpoñer no seu momento o oportuno recurso contencioso-administrativo.

Así mesmo, contra a presente convocatoria poderase interpoñer Recurso Contencioso-Administrativo directamente, no prazo de dous meses, a contar desde o seguinte á publicación da convocatoria nos medios expresados no anterior parágrafo, ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo que corresponda de Pontevedra, de conformidade co previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Os demais actos administrativos que se deriven da presente convocatoria, e da actuación do Tribunal poderán ser impugnados polos interesados nos casos e forma previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

SOLICITUDE PARA A SELECCIÓN DE 2 PERSOAS TRABALLADORAS DESEMPREGADAS PARA A REALIZACIÓN DA OBRA OU SERVIZO DENOMINADO "ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS CON CARGO AO CONCELLO DE SILLEDA E AO PROGRAMA DA XUNTA APROL RURAL PARA O ANO 2024.

Posto ao que opta: PEÓN FORESTAL

D./Dña. _____, con D.N.I. nº _____,
e domicilio a efectos de notificacións en _____ C.P. _____, teléfono de contacto _____

EXPÓN:

Que ten coñecemento da convocatoria pública efectuada polo Concello de Silleda e desexa

participar na selección para a realización da obra ou servizo denominado **ACONDICIONAMENTO E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS HISTÓRICOS 2024** con cargo ao Concello de Silleda e aos Plans de de Fomento de Emprego no Medio Rural da Xunta de Galicia .

Para ese efecto faise constar:

Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Que aporta a seguinte documentación :

- Copia do DNI
- Copia da tarxeta de demanda de emprego actualizada.
- Certificados correspondentes aos méritos alegados.
- Declaración responsable á que se refire as presentes bases.(Anexo II)

SOLICITA:

Ser admitido/a a participar na presente convocatoria.

O/A abaixo asinante declara baixo a súa responsabilidade que son certos os datos obrantes na presente solicitude e que reúne todas e cada unha das condicións e requisitos esixidos para participar na presente convocatoria, así como que acata integramente o contido das bases.

Silleda, ____ de _____ de 2024.

Asdo.:

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA

ANEXO II
DECLARACIÓN RESPONSABLE

Dº./Dª _____, con D.N.I. nº _____, e domicilio a efectos de notificacións en _____

EXPÓN:

Que participa na convocatoria "ACONDICIONAMENTO, LIMPEZA E ATENCIÓN DOS ESPAZOS NATURAIS FORESTAIS E HISTÓRICOS" Ano 2024,

Que por isto, e para poder formalizar o contrato de traballo,

DECLARA EXPRESAMENTE:

1º.- Ser desempleado/a, inscrito/a no Servicio Público de Empleo de Galicia como demandante non ocupado e dispoñible para o emprego e que reúne os requisitos establecidos nas Bases establecidas no DOGA pola que se establecen as Bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural).

2º.- Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o normal desenvolvemento da súa función na praza a que opta.

3º.- Non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

4º.- Non estar incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade referida ao nomeamento de toma de posesión.

Silleda, a ____ de _____ de 2024

Asdo.:

ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE SILLEDA

Expediente 847/2023. LEGALIZACIÓN-CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR AILLADA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

ANTECEDENTES DE FEITO:

1º.- Consta no expediente autorización por parte de Dona **AURORA VILLANUEVA MOURÓN**, con N.I.E. ***8347**, a Dona Zara Villaverde Pena, con D.N.I. nº ***1937** e a Don Jose Luis Rodriguez González con D.N.I. nº ***1660**, para presentar no Concello de Silleda o Proxecto para a legalización e construción dunha vivenda unifamiliar aislada no lugar de Bravil, parroquia de Manduas, termo municipal de Silleda.

2º.- Consta no expediente "**PROYECTO BÁSICO Y DE LEGALIZACIÓN PARA LA CONSTRUCCIÓN DE VIVIENDA UNIFAMILIAR AISLADA**" de xaneiro de 2023, asinado polos arquitectos Zara Villanueva Pena e José Luis Rodriguez González. (Proxecto básico, non obrigatoriedade de visado en virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 05 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio). Rexistro de Entrada neste Concello nº 2023-E-RE-592.

3º.- Consta no expediente de data 01 de marzo de 2023, a autorización favorable da Axencia Estatal de Seguridade Aérea (AESAs) Expediente E23-0399, condicionada a respetar os valores de altura e elevación que indican, engadindo que si fose necesaria a utilización de medios auxiliares que superen altura e elevación autorizada, deberá solicitarse a correspondente autorización de forma previa e preceptiva á instalación, facendo referencia ó expediente E23-0399 (Rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RC-974).

4º.- Consta no expediente o recoñecemento do dereito e inscrición no Rexistro de Augas, resolución de 10 de maio de 2021 clave DH.B36.68665 (Rexistro de entrada neste Concello nº 2021-E-RC-2061) para o uso privativo por disposición legal a Jorge López Caramés con D.N.I. 76.821.004-S.

5º.- Consta no expediente xustificante do pago dos tributos locais (Rexistro de entrada neste Concello nº 2023-E-RC-2207).

6º.- Consta no expediente "**Anexo 1 a Proyecto básico y de legalización para la construcción de vivienda unifamiliar aislada**" de abril de 2023, asinado polos arquitectos Zara Villanueva Pena y José Luis Rodríguez González (Rexistro de entrada neste Concello nº 2024-E-RE-2024).

7º.- Consta no expediente **informe favorable** de Don Román Gómez Fraiz, asinado o 23/04/2024.

O informe favorable do técnico recolle o seguinte:

"EXPEDIENTE: 847/2023

ASUNTO: LEGALIZACIÓN-CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR AILLADA

PROMOTOR: AURORA VILLANUEVA MOURÓN

ORZAMENTO: 120.802,74 € -PEM-

SITUACIÓN: Lugar de Bravil, Manduas (Silleda), e referencia catastral 36052C513011950000TS

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural Tradicional

AUTORES DA DOCUMENTACIÓN TÉCNICA: Zara Villaverde Pena. José Luis Rodríguez González. Arquitecto colegiado 2.897 del Coag..

Vista a documentación que integra a solicitude de licenza urbanística recollida no expediente nº 847/2023; incoado por AURORA VILLANUEVA MOURÓN, para Legalización- construción de vivenda unifamiliar aillada sita no Lugar de Bravil parroquia de Manduas, Silleda - Pontevedra (Referencia catastral 36052C513011950000TS);

INFORMO:

1.NORMATIVA DE APLICACIÓN

Ordenación do territorio e Urbanismo:

- Decreto 19/2011, de 10 de febreiro, por el que se aprueban definitivamente las directrices de ordenación del territorio.
- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia -en adiante LSG-.
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia -en adiante RLSG-.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico Autonómico de Galicia.
- Lei 1/2019, do 22 de abril, de rehabilitación e de rexeneración e renovación urbanas de Galicia.

- Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Solo e Rehabilitación Urbana.
- Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado definitivamente mediante Orde do 1 de xaneiro do 2023 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda –DOG núm. 14, do 20 de xaneiro-, con publicación normativa o 8 de maio do 2023 –BOPPO núm. 87, do 8 de maio do 2023-.

Servidume aeronáutica:

- Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.
- Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a Ordenación dos Aeroportos de Interese Xeral e a súa Zona de Servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.
- Real Decreto 369/2023, do 16 de maio, polo que se regulan as servidumes aeronáuticas de protección da navegación aérea, e modifícase o Real Decreto 2591/1998, do 4 de decembro, sobre a ordenación dos aeroportos de interese xeral e a súa zona de servizo, en execución do disposto polo artigo 166 da Lei 13/1996, do 30 de decembro, de Medidas Fiscais, Administrativas e da Orde Social.
- Real Decreto 763/2017, do 21 de xullo, polo que se modifican as servidumes aeronáuticas do Aeroporto de Santiago.

2. CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS

PRIMEIRA.- As actuacións consisten na **legalización e construción dunha vivenda unifamiliar aillada** e responden á seguinte descrición:

“En la actualidad parte de las obras se encuentran ejecutadas (cimentación, y estructura, parte de fachadas y parte de cubierta), siendo estas objeto de legalización. La parte correspondiente a las obras pendientes de ejecutar para la finalización de las mismas, son las que serán objeto de autorización de obras para la finalización de vivienda unifamiliar aislada”.

“La vivienda unifamiliar aislada en su estado final se desarrollará en planta baja, ... cumplirá el siguiente programa:

Planta baja: acceso, estar, cocina, lavadero, almacenamiento general, pasillo, dormitorio 01, baño 01, dormitorio 02, dormitorio 03, vestidor, baño 02, garaje y terrazas, totalizando una superficie construida de 242,40 m²”.

Descrición das obras executadas na actualidade e que son motivo de legalización.

- CIMENTACIÓN Y SOLERA:

“...Cimentación a base de zapatas de hormigón armado HA-25 KN/M² y acero corrugado B 500 S. Soleras de pasillos exteriores ejecutados sobre el terreno. Solera de 15 cm de espesor realizada

con hormigón”.

- ESTRUCTURA

“...Muros portantes de bloque de hormigón y pilares de hormigón armado. Placa de hormigón armado unidireccional con bovedillas de hormigón en forjado sanitario y techo de planta baja.”.

- CANTERÍA Y ALBAÑILERIA

“...Aplacado de piedra de espesor total 3 cm, en tramos de fachadas delimitados por terrazas. Divisiones interiores realizadas en ladrillo cerámico hueco de 8 cm de espesor”.

- CUBIERTA

“Formada por planchas de fibrocemento sobre viguetas prefabricadas de H.A. que apoyan sobre tabiques de fábrica de ladrillo que descansan sobre el forjado de planta bajocubierta”.

Descripción das obras pendentes de executar

- REVESTIMIENTOS

“El revestimiento interior será a base revestido de perliescayola y posterior pintado con pintura plástica lisa,... o mortero de cemento y posterior alicatado de azulejos de primera calidad”.

“Los techos... se realizarán con llanos de yeso, excepto en techo de locales húmedos y pasillos que se realizarán con falso techo de planchas de escayola lisa”.

- SOLADOS Y ALICATADOS

“Se colocará baldosas gres de primera calidad ... se colocará tarima de roble... se colocara ferrogrés”.

- CARPINTERÍA

Carpintería exterior “La puerta de entrada se realizará en PVC acabado “color nogal”. Las ventanas y puertas balconeras se realizarán en PVC “color nogal”.

Carpintería interior “Las puertas interiores serán lisas, de prefabricado de madera de roble, acristaladas en el caso de acceso a estar y pasillo-distribuidor. Frentes de armario... hojas correderas con perfil rechapado de roble y panel de espejo”.

- CERRAJERIA

“Robustez, resistencia y diseño aceptable”.

- VIDRIERÍA

"... el acristalamiento será de vidrio doble de 6 mm, con cámara de aire estanca entre ambos de 16 mm.. "

- PINTURAS

"... Pintura plástica aplicada con rodillo en paramentos verticales.. "

SEGUNDA.- Documentación técnica presentada polo interesado:

- **"Proyecto básico y de legalización para la construcción de vivienda unifamiliar aislada"** de xaneiro de 2023, asinado polos arquitectos Zara Villanueva Pena y José Luis Rodríguez González. Proxecto básico, non obrigatoriedade de visado en virtude do art. 2 do RD 1000/2010, do 05 de agosto, sobre visado colexial obrigatorio-.

- **"Anexo 1 a Proyecto básico y de legalización para la construcción de vivienda unifamiliar aislada"** de abril de 2023, asinado polos arquitectos Zara Villanueva Pena y José Luis Rodríguez González -.


TERCEIRA.- De conformidade co Art. 51.- ACTOS SUXEITOS A LICENCIA DE OBRA das Normas Urbanísicas de Planeamento (en adiante **NORMAS**), así como no Art. 351 do RLSG, as actuacións que se pretenden enmárcanse no punto 1 do referido artigo:

"...

1. Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, conforme á normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación..."

CUARTA.- A parcela onde se pretende executar a edificación está clasificada no actual planeamento en vigor como Solo de Núcleo Rural Tradicional. A regulación deste solo e para este particular establécese no Título III Normas Particulares do Solo dos Núcleos Rurais nos artigos do 316 o 328.

FICHA URBANÍSTICA		
PLANEAMIENTO		Plan General de Ordenación Urbana Municipal de Silleda (PGOM); Ley 2/2016 del Suelo de Galicia.
CLASIFICACION URBANÍSTICA		Suelo de Núcleo Rural Tradicional (SNRT)
	PLAN GENERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL (PGOM) DE SILLEDA	EN PROYECTO
Parcela mínima (m ²)	600 m ²	3.928,00 m ²
Frente mínimo parcela (m)	12 m	>12,00 m
Ocupación máx. planta (m ²)	35% (parcela neta)	6,30%
Edificabilidad máxima (m ²)	0,70 m ² /m ² (parcela neta)	CUMPLE
Tipología edificatoria	Vivienda Unifamiliar Aislada	Vivienda Unifamiliar Aislada
Uso característico	---	Vivienda
Número de plantas	B+1	P. Baja (B)
Altura máxima cornisa (m)	7,00 m	3,34 m
Altura máxima planta baixa (m)	3,50 m	3,34 m
Pendiente máxima cubierta	40°	26°
Retranqueo a linderos (m)	3,00 m	>3,00 m
Retranqueo a vías -alineaciones (m)	3,00 m	>3,00 m



QUINTA.- Constan no expediente as autorizacións sectoriais dos Organismos seguintes:

- Resolución de **autorización das obras** por parte da Axencia Estatal de Seguridade Aérea en materia de Servidumes Aeronáuticas.

SEXTA.- Atendendo ás determinacións do Art. 53.- REQUISITOS PARA A SOLICITUDE DE LICENZA DE OBRA das NORMAS, así como no Art. 353 do RLSG, consta no expediente, de ser o caso, a seguinte documentación:

a) Instancia, ou no seu caso, impreso normalizado, no que conste: Nome, apelidos, DNI, teléfono e domicilio do solicitante. Consta.

b) Descrición suficiente das características do acto de que se trate, que detalle os aspectos básicos deste, a súa localización e a edificación ou inmovible a que afecte, así como a súa referencia catastral. Consta.

c) Xustificante de pagamento dos tributos municipais. Consta.

d) Proxecto técnico completo redactado por técnico competente, ... Consta proxecto básico e anexo 1 o proxecto básico.

Análise do contido do Proxecto presentado:

Xustificación técnica das solucións propostas de conformidade coas especificacións requiridas pola normativa técnica aplicable (art.6.3.a) RD 314/2006, 17 de marzo, polo que se aproba o CTE e o seu Anexo I. Contido

As especificacións técnicas xustificadas dan cumprimento ao contido mínimo establecido no art. 6.3.a) do CTE no seu Anexo I.

do proxecto)	
Memoria urbanística	Apartado 1.7. Xustificación urbanística de acordo co novo planeamento en vigor.
Xustificación do establecido no artigo 216 RLSG (normas de adaptación ao ambiente e protección da paisaxe).	Consta.
Planos de proxecto	<p>Deben constar cando menos os seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> • En caso de obras de rehabilitación inclúranse planos do edificio antes da intervención. <u>Non é o caso.</u> • Plano de situación: referido ao planeamento vixente, con referencia a puntos localizables e con indicación do norte xeográfico. <u>Consta.</u> • Plano de emprazamento: Xustificación urbanística, aliñacións, recuados, etc. <u>Consta.</u> • Plano de urbanización: Rede viaria, acometidas, etc. <u>Consta.</u> • Plantas xerais: <u>Consta.</u> • Alzados e seccións: <u>Consta.</u>
Memoria xustificativa cumprimento previsións normativa sectorial (de ser o caso)	Consta.
Xustificación técnica relativa á actividade	Consta.
Xustificación da normativa accesibilidade (art.39 Lei 10/2014, 3 decembro, accesibilidade).	Consta.
Seguridade e saúde (art. 4 e 17 RD 1627/1997, de 24 de outubro)	Non procede, corresponde ao Proxecto de Execución
Xestión de residuos (art. 4 RD 105/2008, 1 febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición).	Non consta, a presentar no Proxecto de Execución
Xustificación normativa habitabilidade (art. 5 Decreto 29/2010, 4 marzo, normas de habitabilidade das vivendas de Galicia)	Consta.

e) Cando non sexa esixible un proxecto técnico, a solicitude irá acompañada dunha memoria descritiva e gráfica que defina as características xerais do seu obxecto e do inmovible en que se pretenda levar a cabo. Non procede.

f) No caso de solicitudes de licenza de primeira ocupación de edificacións, certificado final de obra de persoa técnica competente en que conste que as obras están completamente terminadas e se axustan á licenza outorgada. Non procede.

g) Documento de avaliación ambiental, no caso de requirila o uso a que vaian destinadas as obras. Non procede.

h) Copia da autorización ou ditame ambiental, así como das restantes autorizacións, concesións ou informes sectoriais cando sexan legalmente exixibles. Constan.

i) De ser o caso, certificado emitido polas entidades de certificación de conformidade municipal. Non procede.

j) Impreso de datos estatísticos relativos ás características da edificación. Non consta –a presentar co Proxecto de Execución-.

k) Autorización da comunidade de propietarios cando a obra afecte a elementos comúns e non sexa promovida pola propia comunidade. Non procede.

l) Compromisos urbanísticos e cesións de terreos sobrantes necesarios para vía pública. Constan.

3.CONCLUSIÓN

Realizada a análise técnica da documentación presentada en relación coa competencia municipal de concesión da licenza urbanística solicitada, **INFÓRMANSE FAVORABLEMENTE** as obras de legalización e construción de vivenda unifamiliar aillada definidas na referida documentación e proponse para o outorgamento da licenza de obras con arreglo ás condicións establecidas nas resolucións sectoriais de autorización das obras referidas na consideración quinta.

Previo ao inicio das obras deberase achegar:

- **Proxecto de Execución** visado polo colexio oficial correspondente, con incursión do correspondente Estudo de Seguridade e Saúde e Estudo de Xestión de Residuos.

- **Nomeamentos dos oficios de Dirección de Obra** visados polos colexios oficiais correspondentes.

O que se informa aos efectos oportunos.

En Silleda, na data da sinatura electrónica.

Román Gómez Fraiz
Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

8º.- Consta no expediente informe xurídico asinado o 02/05/2024.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.-LICENZAS URBANÍSTICAS

Pódese definir o termo licenza urbanística como un acto administrativo de autorización ou declarativo de dereitos, de natureza regrada, mediante o cal a Administración leva a cabo un control preventivo sobre a actividade dos administrados para asegurar que a actuación proxectada se axusta á ordenación urbanística.

As licenzas otórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico e **sempre deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.**

A denegación das licenzas urbanísticas deberá ser motivada, con explícita referencia ás normas ou determinación do planeamento urbanístico que se incumplan no proxecto para o que se solicita.

Así o establecen os artigos 142, 143 e 144 da Lei 2/2016 LSG e arts.348 e ss do RLSG.

SEGUNDO.-OBXECTO DA LICENZA URBANÍSTICA

A distinción entre **obra maior e menor** implica en si mesmos importantes efectos xurídicos e leva decisivas consecuencias prácticas. Con todo, para a definición do que podemos entender como obra maior e menor aínda temos que seguir acudindo á xurisprudencia nunha gran parte das Comunidades Autónomas. Nos últimos anos, no entanto, empezaron a incluírse nas lexislacións urbanísticas autonómicas definicións máis ou menos precisas do concepto de obra maior e menor; conceptos, por outra banda, que na maior parte dos casos limitáronse a recoller as clásicas definicións xurisprudenciais existentes.

A importancia da distinción trae importantes consecuencias prácticas. Algunha delas non expón maiores dificultades de catalogación. No entanto hai supostos nos que non queda claro se estamos ante obra maior ou menor sendo que diso dependerá por exemplo, o que sexa necesario ou non proxecto, con todo o que iso á súa vez implica.

Xurisprudencia á que temos que acudir cando se nos expoñan supostos concretos que requiren una interpretación (técnica) para decidir se se trata de obra maior ou menor:

— Sentenza do Tribunal Supremo de 25 de abril de 1989 (en relación, Sentenza do Tribunal Supremo de 28 de maio de 1981 e de 21 de febreiro de 1884, 23 de xaneiro de 1916, 11 de marzo de 1978, 16 de xaneiro e 2 de febreiro de 1979, 19 de maio e 13 de xuño 1980 e 26 e 27 de maio de 1981)

- Sentenza do Tribunal Supremo de 20 de febreiro de 1990 e 9 de outubro de 1990.
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía de Málaga de 25 de febreiro de 2000 «(...) Como lembra a Sentenza do Tribunal Supremo de 9 de outubro (...) o concepto xurídico indeterminado obras maiores ou obras menores deberá aplicarse en cada caso concreto atendendo ao volume da obra, á súa transcendencia ou perigo para a efectividade da ordenación urbanística e, no último termo, á complexidade ou sinxeleza do proxecto».
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Estremadura de 24 de outubro de 2006 (no mesmo sentido a Sentenza 29 de marzo de 2006 do citado Tribunal).

Podemos chegar á conclusión, con base á xurisprudencia, (polo menos en canto a edificacións refírese) se o proxecto técnico se esixe para as denominadas obras maiores (STS de 4 de abril de 1995 e Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Navarra de 19 de maio de 2000) e o artigo 2.2 e 2.3 da Lei 38/1999, de 5 de novembro de Ordenación da Edificación establece que (...) requirirán un proxecto segundo o establecido no artigo 4 as seguintes obras (...) parece que chegamos á conclusión que estas obras do artigo 2 son as que deben ser denominadas maiores (ao necesitar proxecto técnico)].

O artigo 142 da LSG recolle as **Licenzas urbanísticas e comunicacións previas**:

1. A licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.
2. Estarán suxeitos a licenza municipal, sen prexuízo das autorizacións que sexan procedentes de acordo coa lexislación sectorial aplicable, os seguintes actos:
 - a) Os actos de edificación e uso do solo e do subsolo que, consonte a normativa xeral de ordenación da edificación, precisen de proxecto de obras de edificación.
 - b) As intervencións en inmobles declarados bens de interese cultural ou catalogados polas súas singulares características ou valores culturais, históricos, artísticos, arquitectónicos ou paisaxísticos.
 - c) As demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.
 - d) Os muros de contención de terras, segundo se estableza regulamentariamente.
 - e) Os grandes movementos de terras e as explanacións.
 - f) As parcelacións, segregacións ou outros actos de división de terreos en calquera clase de solo, cando non formen parte dun proxecto de reparcelación.
 - g) A primeira ocupación dos edificios.
 - h) A implantación de calquera instalación de uso residencial, xa sexa provisional ou permanente
 - i) A corta de masas arbóreas ou de vexetación arbustiva en terreos incorporados a procesos de transformación urbanística e, en todo caso, cando a dita corta derive da lexislación de protección do dominio público.
3. Quedan suxeitos ao réxime de intervención municipal de comunicación previa os actos de edificación e uso do solo e do subsolo non suxeitos a licenza e, en todo caso, os que así se establezan nas leis.

TERCEIRO.- PROCEDIMIENTO DE OUTORGAMENTO DE LICENZAS (artigo 143 LSG e 352 e seguintes do Decreto 143/2016)

1. As licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos. En ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

2. A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolveranse no prazo de tres meses, contados desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

3. Ás solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, respondendo o seu autor da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados no mesmo.

Con todo, as disposicións previstas no citado precepto desenvólvense nos artigos 352 a 359 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, onde se describe de forma máis detallada o procedemento a seguir para a concesión de licenzas esixindo a emisión dos correspondentes informes técnico e xurídico con carácter previo á resolución do expediente de referencia; informes que deberán versar sobre a adecuación do acto pretendido ás previsións da lexislación e da ordenación territorial e urbanística de aplicación, así como ao planeamento vixente.

Xunto aos anteriores extremos destaca igualmente:

- A determinación legal do prazo, de 3 meses, no que terá que resolverse o citado procedemento con aplicación dun silencio administrativo positivo tan só naqueles supostos nos que o solicitado non resulte contrario á normativa ou ao plan urbanístico de aplicación. Previsión a citada que debe tomarse en consideración sen obviar as previsións do art. 114 do Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Solo e Rehabilitación Urbana.
- A previsión legal expresa, a través do artigo 145 da Lei de aplicación, de que o propio acto de outorgamento da licenza deberá concretar os prazos de caducidade daquela por causa de demora no comezo, interrupción ou fin das obras, así como a concreción, dun prazo por defecto para o inicio e o remate das obras (seis meses no primeiro caso e tres anos no segundo).

CUARTO.- Especial fincapé fai a normativa urbanística a respecto da prelación entre as licencias urbanísticas e outros títulos ou licencias administrativas necesarias en función da actividade que se pretenda levar a cabo na obra proxectada, determinando que:

1.- A falta de autorización ou concesión demanial ou a súa denegación -cando os actos de edificación e uso do solo e do subsolo se pretendan levar a cabo en terreos de dominio público- impedirá a concesión da licenza urbanística correspondente.

2.- Cando na obra proxectada se previse o desenrolo dunha actividade, será preciso concretar tal circunstancia de maneira expresa con motivo da presentación da solicitude de licenza de obras, poñer en coñecemento da Administración municipal os datos que identifican da mesma actividade e achegar, tamén coa solicitude de licenza, a documentación prevista no artigo 24 da Lei do emprendemento e da competitividade económica de Galicia así como a contida no art. 364 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, que aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

3.- No caso de que os actos de edificación ou uso do solo e do subsolo requiran previa avaliación de impacto ambiental, non poderá outorgarse licenza municipal con anterioridade á citada declaración de impacto polo órgano ambiental competente ou cando a mesma resultase negativa.

4.- Non poderá outorgarse licenza sen o previo outorgamento das autorizacións urbanísticas ou sectoriais doutras administracións públicas, cando fosen procedentes de acordo co disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia ou o seu Regulamento de Desenvolvemento; en particular, determina o art. 356 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, no solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal, de conformidade co previsto nos artigos 36.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e 51.2 do mesmo regulamento.

QUINTO.- No informe do técnico, determina que a parcela onde se pretende executar a edificación está clasificada no actual planeamento en vigor como **Solo de Núcleo Rural Tradicional**. A regulación deste solo e para este particular establécese no Título III Normas Particulares do Solo dos Núcleos Rurais nos artigos do 316 o 328, que permiten "Obras de conservación, restauración, rehabilitación, ampliación e reconstrución das edificacións existentes".

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder a Dona **AURORA VILLANUEVA MOURÓN** a licenza urbanística solicitada para a **legalización e construción dunha vivenda unifamiliar aislada** no lugar de Bravil, parroquia de Manduas, termo municipal de Silleda, de acordo ós:

- "**Proyecto básico y de legalización para la construcción de vivienda unifamiliar aislada**" de xaneiro de 2023, asinado polos arquitectos Zara Villanueva Pena y José Luis Rodríguez González.

- "**Anexo 1 a Proyecto básico y de legalización para la construcción de vivienda unifamiliar aislada**" de abril de 2023, asinado polos arquitectos Zara Villanueva Pena y José Luis Rodríguez González .

SEGUNDO.- A licenza otórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e **CONDICIONADA** ás previsións dos informes técnicos e sectoriais que figuran no mesmo expediente.

TERCEIRO.- Previo ao inicio das obras deberase achegar:

- **Proxecto de Execución** visado polo colexio oficial correspondente, con incursión do correspondente Estudo de Seguridade e Saúde e Estudo de Xestión de Residuos.
- **Nomeamentos dos oficios de Dirección de Obra** visados polos colexios oficiais correspondentes.

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROGOS E PREGUNTAS

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE